

# A diáspora armenia

*Hacob Symonian*

## I. Introducción

---

**D**urante toda a súa historia, Armenia, país de especial importancia xeopolítica, foi campo de enfrontamentos entre os intereses das grandes potencias de cada época. A confrontación militar e política permanente entre Bizancio e Persia no ano 387 conduciu á eliminación do Estado armenio e á primeira división de Armenia entre os dous países.

Esta data tamén pode considerarse, condicionalmente, como o inicio da historia das colonias armenias. Dende entón, as emigracións dende a patria orixinal foron unha das características permanentes na historia do pobo armenio, considerado como un dos poucos pobos que correu a sorte de levar durante varios séculos, dende tempos remotos, o peso da emigración e establecer a súas colonias en diversas partes do mundo.

A creación das colonias armenias non foi consecuencia da casualidade espontánea, senón que, lamentablemente, acabou adquirindo un carácter sistemático, facéndose unha peculiaridade importante e inseparable do desenvolvemento histórico do país. Así, estas masas enormes da “armenidade” (e, en consecuencia, tamén varios centros da vida sociopolítica, ciencia e cultura) estiveron presentes durante séculos fora de Armenia.

O feito de ver a súa integridade colectiva alterada e de estar fóra da patria foi un elemento que sempre acompañou o pobo armenio no proceso do seu desenvolvemento histórico. Actualmente, fóra da Nai Patria, máis da metade da poboación armenia (case 6.000.000 de armenios) residen en varios países do mundo. Como o pobo hebreo, o armenio é o único grupo relixioso importante que ten máis habitantes na diáspora que no seu propio país, co que os seus membros poden atoparse en case cada país do mundo.

No transcurso de séculos, a emigración armenia, así como a doutros pobos, estivo condicionada por tres factores fundamentais: o económico, o relixioso e o político, que, por ausencia dun Estado autónomo, irían acompañados das persecucións e represións polas autoridades estranxeiras.

Dende o período de creación do seu sistema estatal, Armenia, como un dos países máis avanzados do mundo antigo situado entre Oriente e Occidente viuse obrigada a opoñerse aos seus poderosos veciños e a enfrontarse, inevitablemente, con eles. Xa dende antes de Cristo, o país caeu baixo o dominio da poderosa Persia e, máis tarde, do Imperio Romano. A partir da alta Idade Media someteríase ás incursións espoliadoras das numerosas forzas das tribos nómades e Estados orientais.

Como consecuencia destas campañas destrutivas e o dominio violento e insoportable dos pobos estranxeiros, a poboación armenia tivo que abandonar a súa terra ancestral e decidir entre a emigración ou ser sometida á deportación. Nos séculos III e IV, baixo o reinado dos reis sasánidas Artashir I e Shapuh II, tiveron lugar as primeiras grandes deportacións masivas a Irán. Máis “consecuente” foi a política de deportación de armenios de Bizancio: durante varios séculos armenios e armenias serían continuamente obrigados a emigrar cara a diferentes rexións no oeste do Imperio, entre elas os Balcáns.

Un dos resultados desta emigración continua da nobreza e militares armenios foi a súa chegada aos eslabóns máis altos da estrutura gobernamental bizantina, onde a súa presenza se rexistraría mesmo ata a fundación da dinastía macedónica ou armenia (867-1057).

A emigración incrementárase e xeneralizárase entre os séculos VII e XIV, cando, por causa de incursións de distintos pobos nómades árabes, seléucidas e mongois, o pobo armenio viuse obrigado a expatriarse, contra a súa vontade e a pesar do apego ao chan da súa terra. Armenios e armenias abandonaron en masa o país para refuxiarse no estranxeiro: en Mesopotamia, Crimea, Romanía, Bulgaria, Hungría, Rusia, Polonia, Italia, India e nas rexións preto do mar, fundando, en todas partes, colonias.

A máis célebre destas colonias foi a de Polonia, cuxo centro era a cidade de Lvov (Lemberg). Alí, os reis de Polonia concederon á comunidade armenia liberdade de culto e importantes privilexios en recompensa polos os seus servizos. Non menos célebre foi a colonia de Hungría, onde a emigración armenia fundou dúas cidades exclusivamente poboadas por eles.

Ao emigraren, ás armenias e armenios presentábanlles dificultades tales como a onde ir e como ir. Na súa axuda acudiron os mercadores armenios, que grazas á súa actividade profesional, percorrían moitos países de Asia e Europa, coñecendo de cerca a súas condicións, costumes e a vida dos pobos. Como regra, eran os mercadores armenios quen orientaban e a miúdo guiaban os emigrantes aos lugares máis favorables para eles, os países onde era posible establecerse e existir.

Cómpre sinalar que, a partires do século XVI, os mercadores armenios, cuxas actividades xa se estenderan dende a India e Iran ata Portugal e Francia, se converteron nuns dos principais organizadores do comercio entre o Leste e Oeste.

Sería erróneo interpretar a creación das colonias armenias só como resultado da emigración directa da súa patria, a propia Armenia. Unha parte considerable das colonias armenias formouse non só a partir da emigración directa dende Armenia, senón tamén do desprazamento de outras colonias. Por razóns militares, políticas, económicas ou de outra natureza, a poboación das colonias armenias emigraba a outros países xa coñecidos, creando as bases para unha nova colonia.

Na historia do pobo armenio foi especialmente fatal a invasión do pobo turco seléucida e outras tribos nómades, que, unha vez establecidas na rexión arme-

nia, comezaron a crear o seu propio Estado. Consecuentemente, nos inmensos espazos do Imperio Otomano, Europa e Asia, os turcos comezaron a realizar unha política de humillación e turquización, forzosa e sen precedente pola súa embergadura, dirixida contra os pobos cristiáns autóctonos da rexión (o armenio, grego e o búlgaro). Nese período, por causa da ocupación turca, a poboación armenia viuse obrigada a emigrar, tanto de Armenia como dos países onde se establecera.

Tras as guerras vitoriosas de Rusia contra Persia e o Imperio Otomano entre 1826 e 1829 comezou a transmigración armenia da Armenia Oriental. Rusia organizou a inmigración dunha parte da poboación armenia que quedaba baixo o dominio persa e turco (150.000 persoas) aos territorios armenios incorporados a Rusia, os Khanatos de Ereván e Naxicheván, para desenvolver e ter unha poboación de confianza nas rexións limítrofes. Debido a isto, o número de poboación armenia do lugar creceu subitamente, e a Armenia Oriental converteuse no epicentro do pobo armenio.

Namentres, no Imperio Otomano a política de presión sociopolítica, económica e cultural contra o pobo armenio facíase máis dura. Para poñer fin ao movemento de liberación dos armenios, entre 1894 e 1896 as autoridades turcas perpetraron a masacre de case 300.000 persoas en Armenia Occidental e outras partes do país, unha de cuxas consecuencias inevitables foi unha maior emigración, esta vez a Norteamérica e Sudamérica.

A continua emigración do pobo armenio no decorrer dos séculos determinou a formación dun carácter singular da súa visión do mundo e filosofía vital, cando vivir noutros países comezou a interpretarse como un fenómeno inevitable, predeterminado polo destino. Ao mesmo tempo, irían adoptando capacidades e tradicións, tanto para adaptarse a outras sociedades e culturas, como para conservar e desenvolver a súa identidade cultural nacional.

Ata a Primeira Guerra Mundial, algunhas das características principais da diáspora armenia eran:

a) Malia a emigración continua e masiva, a vida activa da maioría da poboación armenia transcorría nos seus territorios nacionais: Armenia Occidental, Cilicia Armenia e Armenia Oriental.

b) Eran raros os casos en que os armenios se deportaban da súa patria.

c) Os emigrantes e os seus descendentes tiñan, case sempre, a posibilidade de volver a súa patria.

Durante a Primeira Guerra Mundial, as autoridades turcas trataron de someter definitivamente o movemento de liberación nacional do pobo armenio e rematar cos esforzos da diplomacia internacional dirixidos á solución da “cuestión armenia”, o que causou a morte de máis de 1,5 millóns de armenios e armenias en 1915 en todo o Imperio Otomano como resultado da política de xenocidio e deportación perpetrada contra eles. Cando, a finais de 1921, ao retirar as súas tropas de Cilicia, Francia entregou esta rexión á Turquía kemalista, a poboación armenia tivo que abandonar Cilicia definitivamente.

Despois do período comprendido entre 1915 e 1922, a poboación armenia desapareceu case totalmente dos seus territorios nacionais en Armenia Occidental e Cilicia por primeira na súa historia. Armenia e a maior parte do pobo armenio comezaron a vivir fora do territorio nacional, conservando Armenia Oriental, onde se crearon, sucesivamente, tres repúblicas.

A emigración armenia, privada da posibilidade de vivir na patria, dispersouse por varios países do mundo. Actualmente existen colonias armenias en máis de 50 países, pero a maior parte da diáspora armenia vive en dous deles: Rusia e EEUU.

## **II. Historia xeral das colonias armenias**

---

A historia íntegra das colonias armenias, divídese en tres períodos principais segundo o seu carácter e cronoloxía: a Idade Media e os períodos novo e moderno. O período moderno inclúe a etapa que comezou coa Primeira Guerra Mundial. Por mor da política de xenocidio e deportación da poboación armenia da Turquía otomana, os armenios occidentais dispersáronse por todo o mundo, orixinándose a diáspora armenia. As prósperas colonias existentes na Baixa Idade Media (séculos XV-XVIII) tiveron as súas particularidades.

Como regra, as colonias armenias obtiveron unha certa autonomía, que se puxo de manifesto baixo diferentes nomes establecidos nunha serie de países. Isto debeuse á política de protección que os seus hospedeiros practicaron, condicionada sen dúbida polos intereses comerciais e económicas daqueles países.

Nestas colonias podía conservarse facilmente a identidade nacional da masa armenia, pois os seus contactos coa poboación do entorno eran moi insignificantes. Ademais, a emigración armenia levaba unha vida reclusa e propia da Idade Media, circunstancia que contribuíría considerablemente á conservación dos seus costumes, lingua, escritura e literatura nacional. O comercio e as artesanías eran a clave da vida económica destas colonias. Nos lugares con orientación agrícola (cuxo peso específico, porén, non foi grande), a ocupación principal era o cultivo de campos e a xardinería. O período de auxe destes centros armenios foron os séculos XVI-XVIII e, en parte, as primeiras décadas do século XIX.

A finais do século XVIII ou a principios do século XIX, os privilexios destas colonias desapareceron como norma. Parte delas perdeu paulatinamente a identidade nacional e tomou a vía da extinción. Este fenómeno tivo lugar nos países receptores a causa, principalmente, das mudanzas políticas e de transformacións radicais que significarían, dende a Idade Media, a transición cara a novas relacións.

Neste novo período, debido ás revolucións na vida económica e ao progreso do ferrocarril e dos medios de comunicación en xeral, intensificouse a migración da poboación. Desenvolveuse a industria e a agricultura, e as masas das colonias arme-

nias pareceron asimilarse á poboación do entorno. Con efecto, varias colonias armenias deixaron de existir, máis non poucas seguen existindo.

Moitos privilexios específicos de varias colonias desapareceron, pero, en cambio, creáronse institucións benéficas nacionais que, baixo as novas condicións, viñeron a substituír, dalgún xeito, os antigos órganos autónomos das mesmas. Asemade, conforme coas novas esixencias da vida, fundáronse novos centros de ensino, imprentas e teatros, e publicáronse libros e xornais. Nestes abordábanse os problemas nacionais que contraía un despertar nacional acorde coas novas relacións. Neste sentido, fortalecéronse os lazos coa nai patria. Todo iso contribuíu, a pesar do incremento do perigo de asimilación da poboación ás novas condicións, á vida nacional das colonias armenias e, por tanto, apoiou a súa existencia.

Polo tanto, unha parte das colonias existiu na Idade Media, e a outra nos novos tempos da historia. Algunhas colonias armenias foron máis lonxevas, chegando a vivir dende a Idade Media até o século XX. Moitas delas multiplicáronse e viviron activamente tras da incorporación dos refuxiados do gran Xenocidio de 1915. Daquela, os sobrevivintes refuxiáronse en Francia, Estados Unidos, Siria, O Líbano, Grecia e máis tarde en América do Sur, Canadá, Australia, etc. Neste sentido, comezou o período moderno na historia da diáspora armenia.

As masas armenias refuxiadas noutros países percorreron un camiño moi específico. É evidente que, separadas entre si, tiveron unha historia moi distinta. Mais, a pesar das marcadas diferenzas entre elas, as colonias semellábanse nunha cuestión esencial: compartían o mesmo destino e, neste aspecto, foron iguais. Os armenios emigrados (principalmente as súas primeiras xeracións) levaban con eles a idea da patria, as tradicións, e a cultura do pobo armenio, pero vivían e actuaban noutros países. Esta dualidade foi propia, en maior ou menor medida, da poboación das colonias, ás que sempre acompañou. Por tal razón, foi común a todas as colonias a identificación da terra natal co país receptor, a súa nova patria. Este resgo típico da historia das colonias que trae consigo varios matices que enriquecen e completan a historia do pobo armenio.

Para a emigración acabada de chegar aos novos países, a primeira e principal preocupación era manter a súa existencia e conseguir alimento. Quizais esta foi a causa principal pola que, maiormente, se dedicaron ás ramas da economía que puidesen ofrecer resultados inmediatos. A agricultura non podía alimentar enseguida, o seu resultado obteríase máis tarde, tras meses e anos. A primeira ocupación da emigración armenia foi, probablemente, facer comercio e artesanía. Daí adiante, estas ramas da economía adquiriron importancia e o armenio pasou a representarse, a miúdo, como un pobo só de inclinación comercial aos ollos dos estranxeiros.

A emigración armenia aspiraba a establecerse en países onde podía desenvolver unha actividade eficaz. Alén da actividade económica das colonias armenias, as máis importantes participaban e facían certa achega na vida sociopolítica e cultural do país que as acollía. Coas súas modestas posibilidades, sempre participaron na vida política do país de acollida, mesmo levantándose na súa defensa ante perigos

exteriores, non se limitaban a prestar os seus servizos só en diplomacia e política. Cando os seus países de acollida foron ameazados, puxéronse ao lado do pobo que os acolleu e, ombro con ombro, loitaron abnegadamente contra os inimigos.

Así, na milicia polaca existiu unha unidade militar nacional armenia. Na decisiva batalla de Viena, que acabou coa derrota dos turcos otomanos, cinco mil armenios loitaron no exército de Jacobo Sobieski. En 1770, os armenios da India participaron activamente na loita pola liberación do pobo hindú contra os ingleses en Bengala. Unha parte considerable do exército bengalí estaba constituída cos armenios. Ademais, moitos destacamentos foron dirixidos por armenios, e o xefe principal do exército era de orixe armenio. Feitos parecidos poden citarse, tamén, na historia doutros países.

Ao mesmo tempo, as colonias armenias estaban estreitamente vencelladas á súa terra de orixe. Como norma, estaban ao corrente da situación de Armenia, dos acontecementos que ocorrían e sempre se esforzaban por prestar axuda material e moral. Eran dilixentes con respecto á cuestión do destino histórico do seu pobo natal.

Os contactos coa Nai Patria realizáronse, nun principio, a través da Igrexa ortodoxa. Ao proclamarse o cristianismo como relixión oficial en Armenia (301), a Igrexa Apostólica Armenia converteuse no recurso máis influínte ao servizo da conservación e do desenvolvemento do pobo armenio, primeiro contra Persia e, despois, da reunión eclesiástica de Dvin en 554, contra a política agresiva e a cultura de Bizancio.

A Igrexa armenia continuaría xogando o seu papel defensivo nos anos a seguir, tanto dentro de Armenia como fóra dela. A súas actividades nacionais, de grande envergadura, centrábanse principalmente en Armenia, en ausencia dun Estado nacional. Echmiadzin (a Santa Sede da Igrexa armenia) coas súa dióceses e representantes espirituais, estaba vencellada á comunidade armenia do exterior. A súas relacións con ela poñíanse de manifesto nos ritos relixiosos, bulas e decretos patriarcais con motivo de datas conmemorativas, a recolecta dos ingresos da Igrexa, as peregrinacións e outras accións. Realmente, é difícil pasar po alto o papel da Santa Sede nas colonias armenias dispersadas en todo o mundo, fundando igrexas, abrindo escolas e, en xeral, conservando as tradicións nacionais, a escrita e a literatura.

Outro medio importante de contacto coa patria era o comercio. Os mercados das colonias xogaron un papel relevante no comercio internacional entre Oriente e Occidente, Rusia e os países europeos. Coas súas actividades comerciais contactaban cos armenios de Transcaucasia e dos países veciños, coñecendo así os acontecementos que ocorrían en Armenia.

As visitas recíprocas das figuras sociopolíticas, persoeiros da literatura e da arte, as xiras dos elencos teatrais máis importantes, que se repetiron sistematicamente na etapa histórica dos tempos modernos, supuxeron un dos mellores medios para manter vivos os lazos con Armenia. Nos séculos XIX e XX, aos contactos vivos

engadiuse a actividade e o crecemento dos lazos espirituais. Neste aspecto tivo grande peso, principalmente, o papel da prensa periódica. En Tbilisi, Constantinopla e outros centros armenios importantes, publicábanse sistematicamente xornais armenios que trataban temas referentes a eles. Estes xornais difundíanse tamén nas colonias. Por outra banda, os xornais que representaban máis ou menos interese para as comunidades armenias chegaban a Armenia dende as colonias. Cómpre resaltar que tais lazos multifacéticos esencialmente contribuíron e avivaron a vida nacional das masas armenias distribuídas por outros países.

Os integrantes das colonias nunca ficaron indiferentes con respecto á súa patria. Ao contrario: esforzáronse, directa ou indirectamente, por ofrecer o seu servizo á patria con todos os medios posibles. As mutuas relacións espirituais e culturais foron o compoñente máis importante desta axuda directa. En calquera colonia, a Igrexa armenia, as escolas, imprentas, xornais, institucións benéficas de ensino, eran os principais instrumentos para manter o ambiente e as tradicións nacionais.

Grazas a todo iso, non só se conservaron as colonias, senón tamén se desenvolveu considerablemente a arte armenia. Nas colonias creáronse valores que desbordarían as propias fronteiras de importancia local e obterían significación nacional. Deste punto de vista cómpre destacar os períodos da creación da imprenta armenia e o período do libro antigo ou medieval, co seu desenvolvemento posterior.

Como é sabido, un dos logros importantes da cultura armenia, a imprenta, foi fundado fora da súa patria, en Venecia, cando en 1512 viu a luz o primeiro libro. No ano seguinte publícanse catro libros armenios. A imprenta armenia desenvolveuse noutras cidades de Italia: en Roma (1548) e Livorno (1644). Noutra etapa do desenvolvemento da imprenta armenia, esta relacionouse con Holanda, onde se fundou unha imprenta armenia en 1660. Ata a fin dese século fundáronse imprentas armenias en París, Londres, Berlín, Leipzig, Padua e outras cidades.

No primeiro período de desenvolvemento da imprenta armenia, un total de mil libros armenios saíu á luz pública. En Armenia, ata o fin do século XVIII, e aínda ata os anos vinte do século XIX, só se fundou a imprenta de Echmiadzin (1771), isto é, transcorridos 260 anos dende a impresión do primeiro libro armenio. A imprenta de Echmiadzin imprimiría só dez libros ata fins dese século.

Portanto, foron as colonias armenias de Europa e Asia as que se encargaron dun área tan importante da cultura armenia como a imprenta. Con isto asegurábase o proceso de desenvolvemento natural da cultura de Armenia. Fenómenos idénticos tiveron lugar na prensa periódica e outras áreas da cultura espiritual armenia.

Os lazos das colonias armenias coa terra de orixe revelábanse a grande escala, principalmente, nos movementos de liberación. É difícil non ter en conta o papel da ideoloxía e os movementos de liberación na historia de Armenia. En efecto, constituíron unha das particularidades da historia armenia. Como é natural, a ideoloxía de liberación atinxiu igualmente a comunidade armenia da diáspora, que vivía co destino da súa patria. En diferentes etapas históricas e con diferente forza, fíxose manifesta a súa participación nos movementos de libera-

ción, dependendo de varias circunstancias. Ademais, a emigración armenia non se quedou entre os correlixionarios doutrinarios das ideas bonitas, senón que realizou pasos prácticos nesta dirección.

O movemento de liberación armenio manifestouse claramente, sobre todo, nas colonias armenias en Europa Oriental, a India e Rusia. Os armenios de Polonia, Hungría, Moldavia e outros países de Europa Oriental participaron activamente na loita contra a agresión turca, identificando, xustificadamente, esta loita coa liberación da súa patria e contemplando a derrota e debilitación da Turquía otomana como garantía da liberación de Armenia.

Na cuestión da liberación da patria, se a actividade das masas armenias de Europa Oriental se manifestou principalmente no século XVII, o movemento da comunidade armenia na India desenvolveuse na segunda metade do século XVIII. Alimentado polas ideas progresistas da Europa iluminada, nas colonias armenias da India (principalmente na cidade de Madrás) un grupo de patriotas desenvolveu unha ampla actividade que tivo como obxectivo a propagación da idea da liberación do pobo armenio e o restablecemento da independencia de Armenia. O réxime estatal soñado polos armenios da India era unha república parlamentaria burguesa. Estas ideas de liberación, que deixarían un selo considerable na realidade armenia, eran moi progresistas para a súa época.

No entanto, as colonias armenias de Rusia, por condicións xeográficas, estaban máis estreitamente vinculadas co territorio armenio e coñecían mellor a súa situación. Por iso, e debido tamén ao trato positivo do goberno ruso, os movementos de liberación armenios reaccionaron máis activamente, creando un ambiente propicio para as negociacións sobre a liberación de Armenia co goberno ruso. Non foi casual, polo tanto, que todos os programas para a liberación de Armenia e o restablecemento do Estado armenio (excepto o antecitado proxecto armenio da India), tivesen sido ideados e propostos polos círculos armenios de Rusia.

A historia das colonias armenias non é só a historia dunha parte do pobo armenio, dalgunhas das súas masas, espalladas por diferentes países. É, ao mesmo tempo, a historia do pobo armenio e das relacións históricas mantidas con varios pobos do mundo. Nas colonias, as comunidades armenias xogaron un papel importante na vida sociopolítica, cultural e económica, comercio interior e exterior e industria dos países receptores, contactando cos pobos asentados nos mesmos. A cultura armenia nutriuse da enriquecedora influencia da cultura deses países e influíu, reciprocamente, nelas.

As colonias armenias, estreitamente vencelladas coa súa patria, contribuíron aínda máis, e tiveron un papel importante nas relacións, comprensión mutua e cooperación entre o pobo armenio e aqueles que habitaban o país receptor. Nelas, a cultura armenia non só se conservou, senón que tamén progresou e se desenvolveu. Abonda lembrar, unha vez máis, que as primeiras imprentas armenias foron fundadas e os primeiros libros e xornais impresos foron publicados fóra de Armenia, en colonias armenias.

Polo tanto, as colonias son unha parte inseparable da historia do pobo armenio. Non é posible presentar sen elas a historia científica do pobo armenio de forma íntegra. Por isto, non é casual que a importancia das colonias armenias e a súa significación fosen resaltadas por grandes personalidades armenias.

### **III. Colonias armenias da diáspora**

---

A existencia das comunidades armenias da diáspora, así como a de calquera outra minoría nacional, está condicionada polas particularidades sociopolíticas, económicas e culturais dos países receptores. Por esta razón, as colonias da diáspora armenia pódense agrupar segundo as características xerais destas zonas: as de Oriente, as Occidente e América do Sur e as do espazo postsoviético. Este principio de clasificación, porén, non abonda para expresar as particularidades das colonias que forman parte de cada grupo que, por súa vez, están condicionadas pola singularidade do desenvolvemento de cadanseu país de acollida.

#### **A. Colonias armenias nos países de Oriente**

En todas partes, tanto en pobos grandes como pequenos, alí onde se establecía unha colonia armenia, tiña que enfrentarse a unha situación socioeconómica difícil. Perdidos todos os seus bens na súa patria, os emigrantes víanse obrigados a comezar unha nova vida nun ambiente alleo.

No Líbano, Siria, Irán e outros países de Oriente agrarios e pouco desenvolvidos, as comunidades armenias dedicábanse á artesanía, ao comercio e, parcialmente tamén, á agricultura. Isto, así como o trato amable, en xeral, recibido por parte dos habitantes locais, contribuíron a que os grupos de emigrantes se adaptasen relativamente rápido ás novas condicións. Despois da Segunda Guerra Mundial, entre a emigración armenia na rexión de Oriente creceu considerablemente o número de empresarios, especialistas, empregados e, principalmente, estudantes.

Unha das particularidades máis destacables do status socio-xurídico da emigración armenia de Irán e o Líbano foi o seu recoñecemento como comunidade nacional e relixiosa, grazas ao cal tiveron os seus representantes no parlamento e goberno deses países. A característica máis importante das comunidades armenias nos países de Oriente foi que, a diferenza de outras colonias da diáspora en países musulmáns, actuaron activamente no país de acollida.

As diferenzas esenciais, que xiraban ao redor das culturas e modo de vida da Cristiandade e do Islam, contribuíron considerablemente á conservación da identidade nacional armenia. A causa desa existencia separada relixioso-cultural eran raros os matrimonios entre habitantes locais e armenios ou armenias. Grazas á homoxeneidade das familias armenias foi posible dar unha educación armenia ás novas xeracións e fomentar a súa autoconciencia nacional.

As colonias do Líbano, Siria e Irán foron centros culturais da diáspora armenia ata 1980. Alí creceron e formáronse a maior parte dos líderes comunitarios doutros países. Ao progreso cultural e educativo destas colonias contribuíu considerablemente a axuda financeira permanente enviada dende as comunidades de Occidente e, principalmente, dos EUA. A partir de 1950 cortouse o desenvolvemento natural das colonias armenias desta rexión. A activación das tendencias nacionalistas en Exipto, Siria, Líbano, Irán e outros países orientais, as restricións aos dereitos e as actividades das minorías nacionais, a inestabilidade política (guerra civil no Líbano, a revolución islamita en Irán, a guerra iraniano-iraquí, etc), e o baixo nivel de vida, foron a causa dunha emigración obrigada sen precedente pola súa dimensión e duración, que repercutiu negativamente na vida desas colonias, pois perderon o seu liderado na diáspora armenia.

A práctica maioría da emigración armenia nesta área preferiu o sistema democrático e a estabilidade política dos países desenvolvidos de Occidente, mesmo tendo en conta as dificultades relacionadas coa conservación da identidade nacional e cultural e a autoafirmación socioeconómica destes países.

### **B. Colonias armenias nos países de Occidente e América do Sur**

No período inicial, a situación da emigración armenia foi especialmente difícil nos países industrializados que, nese momento, estaban a experimentar rápidas mudanzas, como EUA, Canadá ou Francia. Non posuíndo, como regra, habilidades profesionais suficientes e non dominando as linguas de deses países, víanse obrigados a realizar traballos pesados e pouco remunerados, que non requirían cualificación.

Os membros da diáspora non tiñan unha idea real do modo de vida deses pobos, das súas normas morais e culturais, que a miúdo eran alleas e inaceptables para eles. Ao mesmo tempo, os pobos dos países de Occidente, descoñecendo, de forma involuntaria, a cultura armenia, estendían sobre eles as súas opinións negativas, da mesma forma que como facían cos “asiáticos”. Mais, xa crecidos e educados nos países occidentais, os armenios e armenias ocuparon o seu digno lugar nos eslabóns medio e superior da xerarquía socioeconómica, contándose entre eles empresarios, funcionarios públicos, científicos, profesores, especialistas, estudantes, etc.

A autoafirmación das comunidades armenias como cidadáns dignos na sociedade occidental contribuíu enormemente á súa participación activa na Segunda Guerra Mundial. Decenas de miles de cidadáns de orixe armenio dos EUA, Gran Bretaña e Francia combateron, nas súas respectivas forzas armadas, contra a Alemaña fascista e os seus aliados, e tamén participaron na loita armada da Resistencia nos países ocupados por Alemaña.

Baixo a permanente e forte influencia da cultura occidental, a conservación da súa identidade nacional foi un dos problemas máis difíciles e complicados para o pobo armenio. Os emigrantes (sobre todo, as súas primeiras xeracións), desexando integrarse rapidamente nas novas sociedades, aspiraban a adoptar ao máximo o modo

de vida e os valores socio-culturais do lugar, restrinxindo ao mesmo tempo as manifestacións da súa cultura nacional tradicional.

A emigración armenia nos países occidentais comezou a organizarse considerablemente cando, en 1960, empezou a inmigración armenia dende os países orientais e, a partir dos anos oitenta, tamén da propia Armenia. Nos EUA, Canadá, Inglaterra e Francia reforzaron as colonias armenias existentes; en Suecia, Alemaña, Suíza, Holanda e outros países fundaron outras ou reanimaron as existentes. As institucións comunitarias comezaron a actuar con máis eficiencia, fundáronse novas institucións educativas e culturais, xornais e grupos artísticos.

As escolas diarias armenias que funcionan case en todos os países son privadas. A principal característica das escolas armenias é que, xunto ao programa principal, inclúen tamén a lingua, a literatura, a historia e a arte armenia. Igualmente, é importante o ambiente nacional creado nestas escolas, a través do que se forma a autoconciencia nacional entre o alumnado armenio. Porén, nas poucas escolas secundarias armenias que funcionan nos países de Occidente, estuda só unha pequena parte do alumnado de orixe armenio. Como consecuencia disto, o alumnado de orixe armenia (sobre todo a maioría da xente nova) só domina algúns elementos da linguaxe coloquial armenia.

A residencia dispersa da poboación armenia nas grandes cidades dos países occidentais tamén obstaculiza considerablemente o funcionamento eficaz das institucións armenias e a incorporación a elas de máis persoas. Neses países resérvase un papel singular á relixión cristiá armenia, que no período de formación da diáspora contribuíu considerablemente á formación dunha opinión favorable sobre a comunidade armenia por parte dos pobos cristiáns, e á adaptación rápida dos armenios ao ambiente de acollida.

Paralelamente, o propio ambiente cristián fixo diminuír o papel da Igrexa armenia como defensora da nación e, en certo sentido, mesmo facilitou a asimilación nacional cultural da emigración armenia. Testemuña disto é o constante aumento do número de casamentos entre membros desta comunidade e membros doutras comunidades culturais. Nos países de Occidente e América do Sur, estes matrimonios mixtos constitúen case o 60% dos matrimonios no total de poboación armenia.

Nos países de América do Sur, como Arxentina, Brasil e Uruguai, a formación e desenvolvemento das colonias armenias foi similar ás dos países occidentais. Unha das particularidades importantes é que, despois da Segunda Guerra Mundial, non se rexistrou unha migración sensible dos armenios do lugar. Ao mesmo tempo, poucas persoas emigraron aos países de América do Sur dende outras colonias da diáspora e Armenia.

### **C. Colonias armenias no espazo post-soviético**

En comparanza cos países de Oriente e Occidente, a situación das comunidades armenias no territorio da antiga Unión Soviética é, nun principio, distinta. A política das autoridades rusas con respecto ás nacionalidades tivo consecuencias principalmente negativas para a poboación armenia que vivía fóra da Armenia soviética.

Despois de teren creado diferentes repúblicas baseadas no principio nacional, as autoridades da URSS fixeron oídos xordos a case todos os dereitos das minorías nacionais. A política de “rusificación” na URSS e a falta de institucións nacionais armenias no país fixeron imposibles actividades nacionais-culturais colectivas das colonias armenias do lugar. En Rusia, Ucraína e Belarús, os matrimonios coa poboación local (máis do 50% do total) tamén contribuíron á asimilación nacional-cultural armenia. Nas repúblicas con poboación musulmana (Usbequistán, Taxiquistán, Acerbaixán) a influencia das súas culturas foi (e segue a ser) reducida.

Tanto no período soviético como actualmente, a república con maior poboación armenia é Xeorxia, cuxa capital Tbilisi foi o maior centro cultural e político dos armenios na Transcaucasia ata a década de 1920. No período soviético, a vida e actividade nacional cultural armenia en Xeorxia tamén sufriu restricións e presións. Nos últimos anos da existencia da URSS destacaron algúns tráxicos acontecementos para as comunidades armenias asentadas nalgunhas das súas repúblicas. No período comprendido entre 1988 e 1992, a causa das matanzas e persecucións masivas organizadas polas autoridades de Acerbaixán, a meirande parte da poboación armenia dese país (case 400.000 persoas), veuse obrigada á emigración forzada a Armenia, Rusia e outras repúblicas.

Despois do desmembramento da URSS, que foi dividida nas rexións do Cáucaso Norte, de Rusia e nos novos estados independentes de Asia Central (Taxiquistán, Quirquicistán, Turcomenistán), unha parte da poboación armenia do lugar tamén se trasladou a outras rexións de Rusia por causa da inestable situación política na que se atopaban. Na década de 1990, por mor da difícil situación socioeconómica da república de Armenia, unha emigración masiva sen precedente (case 1.000.000 de persoas), provocou un crecemento sensible da poboación armenia no territorio da Federación Rusa.

Os novos Estados independentes adoptaron diferentes políticas con respecto ás minorías nacionais. En todos os lugares onde residía poboación armenia formáronse colonias armenias, e reabríronse e fundáronse igrexas e organizacións culturais e educativas armenias, comezando a publicarse xornais redactados principalmente nas linguas dos países de residencia. Igual que a poboación armenia oriental emigra a Occidente, a poboación que emigrou dende Armenia e se estableceu en Rusia, Ucraína e Belarus, contribuíu á crear novas colonias noutras rexións destes países. Na URSS, a diáspora armenia tivo un papel considerable nas máis distintas áreas da vida política, intelectual e espiritual do país, tradición que foi continuada con éxito nos novos países independentes.

#### **IV. Organización da diáspora**

---

A comunidade da diáspora realiza as súas actividades nacionais a través de múltiples e variadas organizacións, entre as que cómpre distinguir as organizacións pandiáspóricas (que actuaban e actúan en case todas as colonias) e as de carácter propiamente local.

Entre as institucións nacionais que actúan a nivel de todas as colonias da diáspora, é importante, sobre todo, o papel da Igrexa Apostólica Armenia, cuxos fieis son, na súa maioría, membros da Diáspora. Nos anos da guerra fría, cando a Igrexa Apostólica Armenia pasou a involucrarse na confrontación político-ideolóxica, algunhas dióceses da diáspora baixo a influencia do partido Federación Revolucionaria Armenia (FRA) deixaron de recoñecer o máximo poder administrativo de San Echmiadzin e pasaron á subordinación do catolicosado da Grande Casa de Cilicia (Antelias, o Líbano). Isto influíu negativamente na unidade tanto da Igrexa armenia como na da diáspora, facendo necesaria a reincorporación da Igrexa Apostólica Armenia.

Na maioría das colonias actúan tamén as igrexas católica e evanxélica armenias. Das organizacións pandiaspóricas proveñen os partidos políticos nacionais, como o socialdemócrata Hnchak, a Federación Revolucionaria Armenia (FRA) o Liberal Demócrata, as organizacións xuvenís Asociación da Mocidade Armenia, a Unión Xeral de Educación Deportiva Armenia, e a Unión Deportiva Armenia. Durante varias décadas tamén foron importantes as actividades das unións compatrióticas.

Nas condicións da diáspora teñen unha importancia vital as organizacións e fundacións benéficas como a Unión Xeral de Benevolencia Armenia (UXBA), a Unión de Axuda Armenia, a Fundación de Axuda Armenia, etc. Asemade, entre as organizacións pandiaspóricas tamén existen numerosas unións culturais, educativas, xuvenís, deportivas, femininas, e especializadas, cuxo campo de actividade se limita a un país ou mesmo a unha cidade.

Na diáspora armenia, aínda que aínda non se teñan creado órganos representativos elixibles con poderes para pronunciarse no nome de toda a “armenidade” da diáspora, a poboación armenia dun país ou mesmo dunha cidade, os intentos de crear estes órganos son evidentes. Así, xa se fundaron organizacións como a Federación Euro-Armenia, con sede en Bruxelas, e o Congreso Mundial Armenio, con sede en Moscova.

Un dos obxectivos máis importantes de case todas as organizacións da diáspora é a solución da “cuestión armenia”. As organizacións máis influíntes creadas con este fin son a Comisión Hay Dat (Xustiza Armenia), e a Asemblea Armenia de América. A actividade constante e consecvente de todas estas organizacións contribuíu considerablemente ao recoñecemento e á condena por parte de varios países e organizacións internacionais do xenocidio armenio de 1915 perpetrado nos territorios baixo dominio otomano.

---

## **V. Relacións Armenia-díáspora**

### **1. Anos 1918-1991**

A existencia da diáspora armenia está garantida grazas ás súas permanentes e multifacéticas relacións con Armenia. O restablecemento do Estado armenio como Primeira República de Armenia entre maio de 1918 e decembro de 1920 foi acollida

con grande entusiasmo pola Armenia do exterior. Daquela, a Armenia chegaron científicos, especialistas de alta calidade e oficiais armenios do exército ruso para participar na reconstrución da terra.

No período soviético (entre 1920 e 1991), todos os contactos de Armenia coa diáspora foron programados e controlados polas autoridades centrais da URSS, sendo subordinados aos intereses estatais e políticos soviéticos. A URSS, baseándose na súa política exterior e nas intransixentes ideas da loita de clases e da revolución mundial, impuxo o seu modelo ás autoridades de Armenia nas súas relacións con respecto á diáspora. Como consecuencia disto, as institucións da diáspora armenia e, sobre todo, os partidos nacionais, proclamáronse inimigos da Armenia soviética e dos traballadores da diáspora armenia, contra os que había que loitar implacablemente.

Todas as principais forzas da oposición, entre elas a FRA (Federación Revolucionaria Armenia-partido tradicional), tiveron que abandonar o país. Malia á confrontación xurdida, na diáspora estableceuse un equilibrio político relativo, que, a pesar de todas as súas consecuencias negativas, fixo posible adaptarse aos dous réximes mundiais dominantes naquela altura, baixo un dos cales vivía a diáspora e no outro, Armenia.

Despois da Segunda Guerra Mundial, nos anos da guerra fría, a URSS, aspirando a ampliar as áreas da súa influencia, adoptou unha política máis flexible, buscando aliados e amigos, xa non só e non tanto na base da clase como en función de intereses políticos comúns. Así mesmo neste punto comezou a definirse a política de Armenia co respecto á diáspora. Unha das manifestacións da nova política foi a creación do Comité de Relacións Culturais coa Armenia da Diáspora (1964), a través do que se aseguraron as relacións dos dous sectores do pobo armenio nos anos posteriores. Dende os primeiros anos da súa existencia, este organismo desenvolveu unha loita ideolóxica contra as organizacións políticas da diáspora, ao tempo que as autoridades soviéticas de Armenia adoptaban a política de traslado a Armenia dos armenios dispersados en diversos países.

No período comprendido entre 1921 e 1936 o número total de repatriados alcanzou máis de 42.000 persoas. En 1937, a represión estalinista desencadeada na URSS, desembocou na prohibición das actividades da Unión Xeral de Benevolencia Armenia, e do Comité Armenio de Axuda a Armenia, baixo acusacións infundadas de teren desenvolvido unha actividade antisoviética. Con isto púxose fin ás relacións, xa moi limitadas, coa diáspora.

Pasados oito anos, as autoridades soviéticas lembráronse novamente da diáspora armenia. En 1945 publicouse a resolución do goberno da URSS sobre a repatriación, e entre 1946 e 1950, repatriáronse a Armenia case 90.000 persoas procedentes de doce países, entre eles Libano e Siria (máis de 32.000), Irán (case 21.000), Grecia (máis de 18.000), e Francia case 5.300 persoas.

En 1975, despois da sinatura do Convenio de Seguridade e Cooperación en Europa en Helsinki, as autoridades soviéticas víronse obrigadas a permitir a emigra-

ción de toda a poboación de orixe xudía, alemá, e armenia repatriada do país co obxectivo da reunión das familias. A pesar de todos os fenómenos negativos, os repatriados (entre 1962 e 1982, repatriáronse a Armenia máis de 32.000 persoas), e os seus fillos criados e formados en Armenia, contribuíron ao desenvolvemento do país, sendo considerable, sobre todo a súa achega na cultura e a ciencia.

Con todo, nos anos de existencia da URSS, os dous sectores do pobo armenio viviron separados e illados entre si, o que, por unha parte, afondou máis as particularidades históricas propias da poboación armenia procedente de Occidente e Orientais e, por outra banda, formou opinións terxiversadas e erróneas entre a comunidade de Armenia e a da diáspora.

En 1988, aínda nos derradeiros tempos da URSS, inmediatamente despois do terremoto acontecido en Armenia toda a diáspora se apurou a axudar os seus compatriotas afectados pola catástrofe. Unha vez proclamada a independencia de Armenia, cando o país se viu nunha crise total, a axuda da diáspora serviu para o desenvolvemento socioeconómico de Armenia e o Karabakh (Artsakh). Estes programas realízanse tanto a través de organizacións como a través das iniciativas e financiamento de varios mecenas.

Os partidos tradicionais puideron retomar as súas actividades políticas en Armenia. Nos anos posteriores, a cooperación multilateral entre Armenia e a diáspora recuperou a súa importancia inicial.

## **2. Dende a independencia de Armenia proclamada en 1991**

O desenvolvemento, a consolidación das relacións mutuas, a ampliación e o afondamento dos multifacéticos vínculos entre Armenia e a diáspora, sempre atraíron a atención directa do goberno armenio que, dende a independencia, ten por obxectivo a reunión e consolidación de todos os sectores do pobo armenio para resolver e debater as prioridades e os problemas nacionais.

En 1999 e 2002, celebráronse en Ereván, por iniciativa das autoridades armenias e co obxectivo de estreitar, tornar máis eficaces e mutuamente vantaxosas as relacións entre as dúas partes do pobo armenio, as conferencias panarmenias Armenia-diáspora. En 1999 e 2001 tiveron lugar os xogos deportivos panarmenios, nos que participaron delegacións de toda a diáspora armenia.

Esta focaxe e os labores prácticos levados a cabo nos últimos anos crearon unha base sólida para a cooperación a distintos niveis entre Armenia e a diáspora. Neste sentido foi crucial a primeira conferencia Armenia-diáspora, celebrada en Ereván en 1999 coa participación de 52 países. Por primeira vez reuníronse en Ereván, capital da República de Armenia independente, representantes armenios dispersados polo mundo para precisar as prioridades nacionais e determinar as vías de desenvolvemento.

Dous documentos sen precedente foron aprobados na conferencia: a Declaración e a Declaración sobre Artsaj. Na Declaración definíronse as prioridades nacionais e precisáronse os principios e as obrigas, coas que a armenidade debe guiarse, tanto unida como por separado, conforme aos problemas actuais.

A conferencia foi singular e íntegra por varias razóns. Foi a primeira reunión na que participaron representantes de todos os sectores do pobo armenio. Foi íntegra por razóns políticas, xeográficas, e tamén tivo un carácter representativo e relixioso. Tras a experiencia da primeira conferencia, realizada en Ereván no 2002, celebrouse a segunda conferencia Armenia-diáspora, que xirou en torno ás áreas profesionais, con debates sobre temas e problemas concretos na cooperación entre Armenia e a súa diáspora. Nesta conferencia participaron 1.500 delegacións, e, neste ano 2006, tamén está prevista a celebración da terceira conferencia en Ereván.

No ámbito da política, a cooperación coa diáspora permanente e harmónica obsérvase como unha necesidade, pois persigue o obxectivo de orientar as posibilidades da diáspora tamén á solución dos problemas da política exterior de Armenia e ao desenvolvemento do prestixio e fortalecemento das posicións diplomáticas armenias na área internacional. Con ese obxectivo, o ministro de Asuntos Exteriores de Armenia realiza sistematicamente consultas coas estruturas, representantes das organizacións e persoas que se dedican a cuestións políticas das colonias.

Un tema importante nesta cooperación é a cuestión do recoñecemento internacional do xenocidio armenio. Nese ámbito, a cooperación é permanente e eficaz. Para ampliar e afondar a actividade proarmenia no ámbito político, celebrouse no 2004 en Ereván unha conferencia de deputados de orixe armenia elixidos en varios países. Igualmente, apoiouse a organización das actividades de carácter político que se levan a cabo polas organizacións da diáspora.

O ámbito económico na cooperación entre Armenia e a diáspora é igualmente prioritario, pois ten por obxectivos tanto a participación da diáspora no proceso de reconstrución económica de Armenia e Artsakh como a presentación de Armenia como país atractivo para os investimentos estranxeiros a través das colonias armenias. Para estimular o proceso de investimentos en Armenia é recorrente a celebración de actividades de distinto tipo, como consultas, discusións, foros de negocios e exposicións. No 2003 tivo lugar en Ereván a primeira conferencia económica panarmenia, que abordou os problemas, non de áreas concretas, senón da política económica de Armenia no seu conxunto como unha prioridade nacional. No 2004, tivo lugar tamén en Ereván a primeira conferencia internacional “Armagroforum”, unha reunión destinada a deseenvolver e promover a cooperación económica con outros países.

No ámbito da educación na cooperación Armenia-diáspora, a cuestión máis actual é á da conservación da armenidade. Tendo en conta que un dos piares da educación armenia é a conservación da identidade nacional, realízanse traballos concretos, tanto para a capacitación do profesorado armenio na diáspora, como para impartir estudos superiores en Armenia ou contribuír coa bibliografía necesaria ás escolas nacionais da diáspora (concretamente envíanse manuais e materiais metodolóxicos e literatura armenia ás colonias armenias en varios países). Dende 2000, en Ereván realízanse cursos de capacitación para o profesorado armenio da diáspora. Para estimular a mocidade armenia da diáspora na súa educación no espírito arme-

nio, dende o 2003 tamén se realizan en Ereván olimpíadas anuais de lingua e literatura armenias. No 2004, levouse a cabo a primeira conferencia panarmenia de educación, á que asistiron case 200 representantes de 30 países.

A cultura é un factor e un estímulo indubidable de desenvolvemento e afondamento das relacións entre Armenia e a súa diáspora, pois, contactando coa cultura nacional da nai patria, a comunidade da diáspora pode, ademais de presentar as súas aptitudes creativas, desenvolver e perfeccionar a súa propia. Dentro do programa simbólico “Unha nación, unha cultura”, que no 2004 reuniu 1.500 persoas de 26 países, lévanse a cabo en Ereván festivais, encontros, etc. Na cidade tamén se realizou a exposición armenia “Libro 2000” coa participación da diáspora. Ademais, en 2003 e 2004, a cidade tamén acolleu a primeira e segunda conferencias panarmenias de escritores armenios, que proporcionaron a oportunidade de realizar discusións acerca da situación actual da literatura armenia e os seus problemas e perspectivas de desenvolvemento.

Nas relacións mutuas entre o país e as colonias de emigrantes os medios de comunicación teñen unha importancia significativa. Tendo en conta esta circunstancia, celebrouse en Armenia no 2003 a primeira conferencia Armenia-diáspora dos medios de información, na que, debido á importancia dos problemas en cuestión e as súas solucións prácticas, decidiuse convocar unha conferencia cada ano.

A área xuvenil é de importancia singular nas relacións mutuas e a cooperación entre Armenia e a diáspora. Creouse o Centro Xuvenil Internacional Panarmenio, onde a mocidade da diáspora ten a posibilidade non só de descansar en Armenia e contactar cos mozos locais, senón tamén de coñecer e estudar a cultura nacional e seren partícipes da vida actual armenia. No 2002 tivo lugar a primeira conferencia panarmenia da mocidade e, no 2004, a segunda, na que participaron uns 100 mozos e mozas de 27 países. Ese mesmo ano realizáronse asembleas de inverno e de verán panarmenias, nas que participaron representantes xuvenís de varios países.

Este último período tamén foi destacado no ámbito deportivo: en Ereván celebráronse os primeiros e segundos xogos deportivos panarmenios. No 2003, tivo lugar tamén nesa cidade a primeira conferencia sobre “armenoloxía” internacional, á que asistiron 100 científicos estranxeiros, cuxo tema principal foi “A Armenoloxía actual e as perspectivas para o seu desenvolvemento no estranxeiro”. Nela tratáronse problemas directamente relacionados con este tema. No 2004 celebrouse tamén en Ereván a primeira conferencia panarmenia de profesionais da medicina, con 250 participantes de 30 países.

Grazas aos traballos realizados, non só se consolidan as relacións e a cooperación entre Armenia e a diáspora, senón tamén entre as diferentes comunidades que conforman a última. Ademais, conseguiuase asegurar as condicións e posibilidades para que todas as armenias e armenios poidan participar na solución dos nosos problemas nacionais en prol do desenvolvemento e a prosperidade segura do noso pobo.

## VI. Armenios no mundo en 2005

---

Comunidades con 10.000 ou máis habitantes, a excepción de Exipto.

Nº	País	Aproximado
<b>América</b>		
1.	EEUU .....	1.400.000
2.	Canadá .....	50.000
3.	Arxentina .....	130.000
4.	Brasil .....	20.000
5.	Uruguai .....	19.000
6.	<b>Australia</b> .....	45.000
<b>Asia</b>		
7.	Turquía .....	82.000
8.	O Líbano .....	130.000
9.	Siria .....	100.000
10.	Israel .....	10.000
11.	Iraq .....	23.000
12.	Irán .....	150.000
<b>Europa</b>		
13.	Francia .....	450.000
14.	Alemaña .....	40.000
15.	Gran Bretaña .....	12.000
16.	España .....	15.000
17.	Rep. Checa .....	10.000
18.	Grecia .....	40.000
19.	Bulgaria .....	45.000
20.	Polonia .....	100.000
<b>CEI</b>		
21.	Rusia .....	2.000.000
22.	Belarús .....	25.000
23.	Ucráina .....	150.000
24.	Xeorxia .....	460.000
25.	Usbequistán .....	70.000
26.	Casaquistán .....	20.000
27.	Turcomenistán .....	20.000
<b>África</b>		
28.	Exipto .....	5.000

---

*Hacob Symonian é profesor na Universidade de Ereván.*